No caso contrario de que a media aritmética sexa positiva quere dicir que se produciu unha execución superior aos créditos iniciais e a porcentaxe estimada do grado de execución non poderá ser inferior a dita media, dando lugar a un axuste que aumentará os empregos non financeiros no importe resultante de aplicar a porcentaxe estimada aos créditos por operacións non financeiras (Capítulos 1 a 7) do orzamento de gastos.

Na liquidación do Orzamento non procede este axuste.

2.3. CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2017.

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII presupuesto corriente	1.402.792,24



b) Créditos previstos capítulos I a VII presupuesto corriente	1.403.928,43
TOTAL (a - b)	-1.136,19
AJUSTES	
1) Ajustes recaudación capítulo 1	-77513,32
2) Ajustes recaudación capítulo 2	0,00
3) Ajustes recaudación capítulo 3	39355,82
4) Ajuste por devengo de intereses	0,00
5) Ajuste por liquidación PIE-2013	25376,71
6) Ajuste por liquidación PIE-2014	25376,71
7) Ajuste por arrendamiento financiero	0,00
8) Ajuste por gastos pendientes de aplicar a presupuesto	0,00
19) Ajuste por inexecución	0,00
c) TOTAL INGRESOS AJUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 4, 5, 6,7)	1.415.388,16
d) TOTAL GASTOS AJUSTADOS (b +/- 8, 9,10)	1.403.928,43
e) TOTAL CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN(c - d)	11.459,73
En porcentaje sobre los ingresos no financieros ajustados (e/c)	0,81%



Do que se deriva o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

3.- CUMPLIMENTO DA REGRA DE GASTO:

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

En concreto, o 27 de xuño de 2014, o Goberno elevou ao Congreso, xunto aos obxectivos de déficit público (0%) e de débeda pública (3,8% do PIB) para o periodo 2015-2017, a regra de gasto para os orzamentos do 2015, 2016 e 2017, isto é, 1,3%, 1,5% e 1,7% respectivamente (BOCG nº 378 de 07/07/2014).

Cálculo do gasto computable:

Se establece no apartado 2 do artigo 12 cómo se determina o volume de gasto computable.

*"2. Se entenderá por **gasto computable** a los efectos previstos en el apartado anterior, los empleos no financieros definidos en términos del Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, excluidos los intereses de la deuda, el gasto no discrecional en prestaciones por desempleo, la parte del gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones Públicas y las transferencias a las Comunidades Autónomas y a las Corporaciones Locales vinculadas a los sistemas de financiación."*

Consideracións:

Na obtención do Gasto computable da entidade nun exercicio, se terá en conta:

a) Se a Entidade está sometida a Orzamento Limitativo/Contabilidade Pública, o Gasto computable calcúlase como:

(+) Empregos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, excluídos os intereses da débeda.

Pátese das obrigacións recoñecidas en 2014, resultantes da liquidación de dito exercicio.

Do Capítulo 3 de gastos financeiros unicamente agregaranse os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais. Subconceptos (301, 311, 321, 331 e 357).

(+/-) Axustes cálculo Empregos non financeiros segundo o SEC:

Para a determinación dos axustes e o seu importe, partírase da Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais. Esta Guía, do mesmo xeito que a emitida para o cálculo do déficit en termos



(+/-) Arrendamiento financiero	0,00		0,00
(+) Préstamos	0,00		0,00
(-) Mecanismo extraordinario de pago a proveedores	0,00		0,00
(-) Inversiones realizadas por la Corporación Local por cuenta de otra Administración Pública	0,00		0,00
(+/-) Ajuste por grado de ejecución del gasto	0,00		0,00
(+/-) Otros (si se incluye, especificar en observaciones CUÁL)	0,00		0,00
SUBTOTAL:	0,00		0,00
II.- EMPLEOS NO FINANCIEROS TÉRMINOS SEC 95 EXCEPTO INTS. DEUDA		1.225.349,84	1.403.479,06
(-) Pagos por transferencias a otras entidades que integran la Entidad Local		0,00	0,00
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de UE u otras AAPP (*)		438.529,44	732.253,81
UE	66.331,63		27.171,98
Estado	6.621,40		0,00
C.A.	185.326,41		202.180,09
Diputaciones	180.250,00		502.901,74
Otras AAPP			
(-) Transferencias por fondos de los sistemas de financiación		0,00	
		0,00	
GASTO COMPUTABLE AJUSTADO		786.820,40	671.225,25
Tasa de referencia del crecimiento del PIB (art.12.3 LOEPSF):	2,10%	803.343,63	671.225,25
LÍMITE GASTO COMPUTABLE INICIAL DEL EJERCICIO		803.343,63	671.225,25
III.- INCREMENTOS PERMANENTES DE RECAUDACIÓN (ART. 12.4 LOEPSF)			
Aumento base imponible padrón IBI		86.707,44	
IV.- DISMINUCS. PERM.TES. RECAUDACIÓN (ART. 12.4 LOEPSF)			
LÍMITE GASTO COMPUTABLE FINAL DEL EJERCICIO		890.051,07	671.225,25

(*) Detalle de gastos financiados con fondos finalistas procedentes de UE u otras AAPP:

	SUBCONCEPTOS DEL PRESUPUESTO DE INGRESOS	LIQUIDAC. 2.016	LIQUIDAC. 2017
420,90	Transferencias correntes Convenio Prevención incendios Estado	1488,38	
450,80	Transferencias correntes Xunta de Galicia para subvención contratación AEDL	7474,24	7474,24
450,80	Transferencias correntes Plan Concertado+ Xulgado PAZ	74184,12	94.879,14
450,80	Transferencias correntes Xunta de Galicia RISGA 2016-2017	8464,80	666,65
450,80	Transferencias correntes Xunta de Galicia RISGA 2017-2018		4.304,72
450,80	Transferencias correntes Xunta de Galicia APROL RURAL 2016-2017	2193,27	4.226,26
450,80	Transferencias correntes Xunta de Galicia APROL RURAL 2017-2018		607,78
450,60	Transferencias correntes Xunta de Galicia Convenio Prevención Incendios	33.377,63	47.288,35



	(roza mecanizada, MTB, BRI)		
451	Transferencias correntes Axencia de Turismo en Convenio Colaboración Camiño Francés 2016	42649,11	
451	Transferencias correntes Axencia de Turismo en Convenio Colaboración Camiño Francés 2017 liña 1		38.000,00
451	Transferencias correntes Axencia de Turismo en Convenio Colaboración Camiño Francés 2017 liña 2		0,00
451	Transferencias correntes Axencia de Turismo en Convenio Colaboración Camiño Francés 2017 liña 3		1.500,00
451	Transferencias correntes Axencia de Turismo en Convenio Colaboración municipios turísticos	4967,01	0,00
494	Transferencias correntes Convenio Prevención incendios FEADER (extinción)	14883,87	14.240,18
461	Transferencias correntes Deputación Convenio dúas liñas actuación (feira gandeira e gastos ctes. VC-AT)	43000,00	30.000,00
461	Transferencias correntes Deputación SAF 2016	22722,10	
461	Transferencias correntes Deputación PLAN ÚNICO 2017-2018		33.655,11
461	Transferencias correntes Convenio Deputación 23/09/2016 Programa Depuemprego 2016	0,00	39.438,50
750.80	Transferencias K INEGA proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017		3.232,95
761	Transferencias k Deputación obras Convenio dúas liñas actuación (173000€)	0,00	100.000,00
761	Transferencias K Deputación POS 2016		48.258,80
761	Transferencias k Deputación Convenio 288750€	0,00	0,00
761	Transferencias k Deputación Convenio 150000€	110460,74	39.934,03
761	Transferencias k Deputación Convenio eficiencia enerxética	0,00	20.246,69
761	Transferencias k Deputación Convenio adecuación sistemas información ás Leis 39/2015 e 40/2015	4067,16	0,00
761	Transferencias k Deputación Convenio dúas liñas actuación		100.000,00
761	Transferencias k Deputación Convenio investimentos carácter cultural e equipamentos culturais		1.141,08
761	Transferencias K Deputación Plan Único 2017-2018		90.227,53
761	Transferencias k Deputación PROXECTO ILUMIN@ 2017-2018		0,00
720	Transferencias k SUBV. PEIM 2016 parte MARM	5133,02	
751	Transferencias k SUBV. PEIM 2016 parte AGADER	12016,23	
751	Transferencias k SUBV. PEIM 2017-2018 AGADER		
791	Transferencias K FEDER proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017		12.931,80
794	Transferencias k SUBV. PEIM 2016 parte FEADER	51447,76	
	TOTAL:	438529,44	732.253,81

Infórmase positivamente o cumprimento do obxectivo da Regra de Gasto.

4.- CUMPLIMIENTO DEL LÍMITE DE DEUDA.

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non rebasar o límite de débeda pública que foi fixado no 3,8% do PIB para os exercicios 2015, 2016 e 2017.

Pero non se determinou o PIB para o cálculo en termos de ingresos non financeiros, polo que o informe sobre este extremo redúcese a calcular o “nivel de deuda viva según el Protocolo del Déficit Excesivo” e o “nivel de deuda viva formalizada”.

O modelo deseñado pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais para a remisión de información por parte do Interventor municipal con motivo da aprobación do Orzamento 2013, que se cumplimentou a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e



Administracións Públicas, utilizaba o apuntado criterio de débeda segundo o Protocolo de déficit excesivo que é máis amplo que o que se utiliza para estimar a porcentaxe de débeda viva en termos do art. 53 do TRLRFL para novas concertacións de préstamos.

Sinalar que o Concello de Samos non ten débeda, na contabilidade aparece unha débeda non real, que ten que ser obxecto de depuración.

Por outro lado, se calculan os ingresos correntes de carácter ordinario, que arrojan o seguinte importe:

NIVEL DE DÉBEDA VIVA	
1) (+) Ingresos 2016 (<i>DRN capítulos 1 a 5 de 2016</i>)	1.158.635,65
2) (-) Ingresos aproveitamentos urbanísticos	0,00
3) (-) Ingresos afectados	0,00
4) TOTAL INGRESOS CORRENTES ORDINARIOS (1-2-3)	1.158.635,65

Estímase que o nivel de endebedamento ao final do exercicio ascenda a 0,00% dos ingresos correntes.

5. DESTINO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO.

A Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de Control da débeda comercial no Sector Público deu unha nova redacción ao art. 32 e engadiu (artigo primeiro, apartado quince) unha nova disposición adicional sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, co seguinte teor literal:

Artículo 32 Destino del superávit presupuestario

1. En el supuesto de que la liquidación presupuestaria se sitúe en superávit, este se destinará, en el caso del Estado, Comunidades Autónomas, y Corporaciones Locales, a reducir el nivel de endeudamiento neto siempre con el límite del volumen de endeudamiento si éste fuera inferior al importe del superávit a destinar a la reducción de deuda.

(...)

3. A efectos de lo previsto en este artículo se entiende por superávit la capacidad de financiación según el sistema europeo de cuentas y por endeudamiento la deuda pública a efectos del procedimiento de déficit excesivo tal y como se define en la normativa europea.

Disposición adicional sexta Reglas especiales para el destino del superávit presupuestario

1. Será de aplicación lo dispuesto en los apartados siguientes de esta disposición adicional a las Corporaciones Locales en las que concurran estas dos circunstancias:

- **a) Cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales en materia de autorización de operaciones de endeudamiento.**
- **b) Que presenten en el ejercicio anterior simultáneamente superávit en términos de contabilidad nacional y remanente de tesorería positivo para gastos generales, una vez descontado el efecto de las medidas especiales de financiación que se instrumenten en el marco de la disposición adicional primera de esta Ley.**

2. En el año 2014, a los efectos de la aplicación del artículo 32, relativo al destino del superávit presupuestario, se tendrá en cuenta lo siguiente:

- **a) Las Corporaciones Locales deberán destinar, en primer lugar, el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales a atender las obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto contabilizadas a 31 de diciembre**



del ejercicio anterior en la cuenta de «Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto», o equivalentes en los términos establecidos en la normativa contable y presupuestaria que resulta de aplicación, y a cancelar, con posterioridad, el resto de obligaciones pendientes de pago con proveedores, contabilizadas y aplicadas a cierre del ejercicio anterior.

• **b)** En el caso de que, atendidas las obligaciones citadas en la letra a) anterior, el importe señalado en la letra a) anterior se mantuviese con signo positivo y la Corporación Local optase a la aplicación de lo dispuesto en la letra c) siguiente, se deberá destinar, como mínimo, el porcentaje de este saldo para amortizar operaciones de endeudamiento que estén vigentes que sea necesario para que la Corporación Local no incurra en déficit en términos de contabilidad nacional en dicho ejercicio 2014.

• **c)** Si cumplido lo previsto en las letras a) y b) anteriores la Corporación Local tuviera un saldo positivo del importe señalado en la letra a), éste se podrá destinar a financiar inversiones siempre que a lo largo de la vida útil de la inversión ésta sea financieramente sostenible. A estos efectos la ley determinará tanto los requisitos formales como los parámetros que permitan calificar una inversión como financieramente sostenible, para lo que se valorará especialmente su contribución al crecimiento económico a largo plazo.

Para aplicar lo previsto en el párrafo anterior, además será necesario que el período medio de pago a los proveedores de la Corporación Local, de acuerdo con los datos publicados, no supere el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad.

3. *Excepcionalmente, las Corporaciones Locales que en el ejercicio 2013 cumplan con lo previsto en el apartado 1 respecto de la liquidación de su presupuesto del ejercicio 2012, y que además en el ejercicio 2014 cumplan con lo previsto en el apartado 1, podrán aplicar en el año 2014 el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales resultante de la liquidación de 2012, conforme a las reglas contenidas en el apartado 2 anterior, si así lo deciden por acuerdo de su órgano de gobierno.*

4. *El importe del gasto realizado de acuerdo con lo previsto en los apartados dos y tres de esta disposición no se considerará como gasto computable a efectos de la aplicación de la regla de gasto definida en el artículo 12.*

5. *En relación con ejercicios posteriores a 2014, mediante Ley de Presupuestos Generales del Estado se podrá habilitar, atendiendo a la coyuntura económica, la prórroga del plazo de aplicación previsto en este artículo.”*

Consonte establece a disposición adicional nonagésima sexta de la Ley de Presupuestos Generales del Estado para 2017 (al no estar aún aprobada la de 2018) en relación con el destino do superávit presupuestario de las entidades locais correspondente ao ano 2016, se prorroga para 2016 (y se entiende para el 2017) la aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da presente Lei Orgánica, para o que se deberá tener en conta a disposición adicional decimosesta do TRLRFL, que determina os requisitos a cumprir polos investimentos financeiramente sostenibles.

Aos efectos da aplicación dos artigos citados en relación co destino do superávit do concello, entendido como capacidade de financiación en termos de contabilidade nacional ou se fóra menor, do Remanente de tesourería de gastos xerais do exercicio 2017, non resulta aplicable ao concello o disposto na disposición adicional sexta.2, letras a) e b), por non ter a 31/12/2017 acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento, nin endebedamento, polo que non se debe efectuar reserva de parte do remanente de tesourería para gastos xerais para a atención de ditas obrigas legais, quedando a elección do órgano competente o emprego deste remanente de tesourería para modificacións de crédito que procedan ou investimentos financeiramente sostibles. Todo o remanente tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do exercicio 2017 é dispoñible, sen que resulte afectado aos destinos do art. 32 da Lei 2/2012.



5.- CONCLUSIÓNS SOBRE O CUMPLIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E NIVEL DE DÉBEDA

A liquidación do Orzamento do exercizo 2017 da Entidade Local, única Entidad que conforma a liquidación do Orzamento Xeral deste concello, cumple o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacuerdo coa definición contida no SEC 95, o obxectivo de débeda pública e da regra de gasto.

Para adxuntar ao expediente de liquidación do Orzamento municipal 2017 e dar conta ao Pleno da Corporación.

En Samos, na data que figura na sinatura dixital da marxe.

A secretaria-interventora, Asdo.- Ana I. Candame Areosa. “

O Pleno dáse por enterado.

9º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) SOBRE ACORDOS A ADOPTAR EN RELACIÓN AO GAS RADÓN.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2018/456 en data 2 de abril para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente retorno a actualidade do problema do gas radón en Galicia fai que a nosa preocupación polo tema nos leve a repetir una moción que non foi atendida polo grupo de Goberno en febrero do ano 2017.

Sin ter que chegar o alarmismo entre a poboación , de todos é sabido que a presenza deste gas emanado do subsoló fai que medren enfermidades como o cancro de pulmón que xa o sitúa como a segunda causa de este mal despóis do tabaco , e , segundo estudos realizados últimamente tamén se relaciona este gas co cancro de cerebro.

Lugares como o Pazo da Ópera da Coruña , teñen pechadas varias partes ó público pola excesiva concentración de radón nesas estancias. A maioría dos problemas de niveis de radón soluciónanse con una boa ventilación , por eso a importancia de darlle información ós veciños.

Recentemente , a Deputación de Ourense , aprobóu a instalación na , súa Provincia , de dez medidores de gas radón nos dez Concellos máis afectados , para así poder actuar en consecuencia nesos sitios. Por todo isto e moitas cousas mais , das que estou seguro de que vostedes son sabedores e conscentes:



Propoño a Pleno os seguintes:

ACORDOS

1.- Demandar tanto á Xunta de Galicia , ó Goberno Central e a Deputación Provincial , plans de prevención e protección para este problema e que se dispoñan as axudas e medidas necesarias nas normativas construtivas para a redución dos niveles de radón nos domicilios, tendo en conta a singularidade de Galicia.

2.- Demandar á Consellería de Sanidade , colaboración cos Concellos , destacando ó Concello de Samos , para implementar medidas de educación e información para a saúde que fomenten na cidadanía o problema sanitario que supón esta radiación ionizante. “

Rematada a lectura da moción se produce a única intervención do Sr. alcalde para manifestar que xa sabía que presentara unha moción relativa ao gas radón anteriormente, se ben para unha cousa distinta, por iso neste caso imos votar a favor.

Procédese a continuación á votación ordinaria, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (7 votos a favor) sendo 9 o número legal de membros, **o Pleno Corporativo aproba a moción anteriormente transcrita**, e polo tanto adopta os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO: Demandar tanto á Xunta de Galicia , ó Goberno Central e a Deputación Provincial , plans de prevención e protección para este problema e que se dispoñan as axudas e medidas necesarias nas normativas construtivas para a redución dos niveles de radón nos domicilios, tendo en conta a singularidade de Galicia.

SEGUNDO: Demandar á Consellería de Sanidade , colaboración cos Concellos , destacando ó Concello de Samos , para implementar medidas de educación e información para a saúde que fomenten na cidadanía o problema sanitario que supón esta radiación ionizante.

10º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) SOBRE ACORDOS A ADOPTAR EN RELACIÓN AO SISTEMA DE PENSIONES.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2018/455 en data 2 de abril para ser tratada polo Pleno Corporativo, e que a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Reforma Laboral de 2010 do goberno de Zapatero que abaratóu e facilitou o despido para contentar a Bruxelas e a aínda máis virulenta reforma do Goberno de Rajoy do ano 2012 que trouxo como consecuencia altos niveis de paro, baixos salarios e precariedade laboral masiva, contribuíron decisivamente ao déficit da Seguridade Social: as cotizacións



non cobren os gastos e o goberno recorreu de maneira sistemática a baleirar o denominado Fondo de Reserva das Pensións.

A diminución dos ingresos por cotizacións é unha consecuencia lóxica da diminución de cotizacións polas altas taxas de desemprego, das maiores de Europa, e a baixa calidade dos que se crean.

Á baixada de ingresos na Seguridade Social tamén contribuíron algunhas medidas do goberno en forma de “vantaxes” ao empresario e aos emprendedores: bonificacións, tarifas planas, etc. medidas que se venden politicamente como axudas á contratación e que tamén saen da “hucha das pensións”. Unhas medidas que se tomaban paradoxicamente á vez que se aprobaba unilateralmente a Lei 23/2013 Reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización das Pensións, é dicir, acordando que as pensións podían subir menos que o IPC anual e incumprindo totalmente o Pacto de Toledo.

Segundo datos do IGE o Concello de Samos, ten 585 pensionistas (datos do 2016), mulleres e homes que continuamente se ven prexudicados polas medidas que adopta o goberno e continuamente sofren unha redución da súa capacidade adquisitiva.

Na actualidade **case un 60% das pensións galegas están por debaixo do salario mínimo** e as pensións no país están máis de 15 puntos por baixo da pensión media do Estado español.

Ademais as mulleres seguen sendo as máis prexudicadas nesta problemática. A precariedade da súa vida laboral e as importantes eivas na cotización, fai que unha de cada catro mulleres maiores de 65 anos estea baixo a liña da pobreza.

Ante as últimas mobilizacións de pensionistas o ministro de Facenda, Cristóbal Montoro, anunciou melloras para os pensionistas e anunciou que haberá deducións no IRPF para persoas de idade avanzada. Con todo, os técnicos de Facenda (Gestha) advirten xa de que esa “deducción por idade” terá un alcance moi limitado, ao beneficiar só un terzo dos pensionistas con maiores ingresos. De feito, **máis do 63% dos xubilados están exentos de pagar IRPF** ao cobrar pensións inferiores ós 12.000 euros por ano.

Pensamos que a administración local é a primeira que debe pórse ao servizo dos seus veciños e veciñas, posicionarse a favor das reivindicacións dos seus maiores e demandar que exista un sistema de pensións digno.

Por todo o anterior propoño a Pleno os seguintes:

ACORDOS

- Instar ao Goberno do Estado a establecer por lei que as pensións non poden estar, en ningún caso, por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional.
- Instar ao Goberno do Estado a que se prohíba por lei a libre disposición do Fondo de Reserva das Pensións para situación de déficit de cotización e buscar vías de financiamento directas desde os Presupostos Xerais do Estado mentres se siga producindo o déficit por cotizacións.



- Instar ao Goberno do Estado a que poña as medidas necesarias para que as e os pensionistas e xubilados/as recuperen unha fórmula que garanta o mantemento do poder adquisitivo das pensións públicas, e a sustentabilidade do sistema, unha medida que por xustiza lles corresponde. “

Intervencións:

- SR. ALCALDE.- Agora que xa se gastou o Fondo de Reserva acórdase de que se prohíba a libre disposición. Se cree que grazas a que o pida no Pleno do concello de Samos vai facer algo, pois o aprobamos.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Se todos os concellos o fixeran conseguiríase. Xa sei que só con Samos non se vai conseguir nada, pero axuda aos que o fagan.

Non habendo máis intervencións, procédese a continuación á votación ordinaria, e por unanimidade dos sres. concelleiros asistentes (7 votos a favor) sendo 9 o número legal de membros, **o Pleno Corporativo aproba a moción anteriormente transcrita**, e polo tanto adopta os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO: Instar ao Goberno do Estado a establecer por lei que as pensións non poden estar, en ningún caso, por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional.

SEGUNDO: Instar ao Goberno do Estado a que se prohíba por lei a libre disposición do Fondo de Reserva das Pensións para situación de déficit de cotización e buscar vías de financiamento directas desde os Presupostos Xerais do Estado mentres se siga producindo o déficit por cotizacións.

TERCEIRO: Instar ao Goberno do Estado a que poña as medidas necesarias para que as e os pensionistas e xubilados/as recuperen unha fórmula que garanta o mantemento do poder adquisitivo das pensións públicas, e a sustentabilidade do sistema, unha medida que por xustiza lles corresponde.

11º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS**, sen que se plantexe ningún, polo que procede coa quenda das **PREGUNTAS**. Cede a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ás presentadas en escrito con R.X.E. nº 2018/457 en data 2 de abril, e que a continuación se transcriben:

“1.- Hai algún proxecto para arranxar a pista polideportiva das piscinas ?”

- SR. ALCALDE.- Sí, xa está feito o Proxecto. Vai incluído no Plan Único da Deputación deste ano.



“2.- Cando se vai arranxar o letreiro que pón Samos en letras de pedra , que hai a entrada da Vila vindo de Triacastela á marxen esquerda ?”

Inmediatamente despois de acabar a lectura da pregunta, o sr. Real dí que xa veu que se estaba arranxando.

O Sr. alcalde lle resposta que foi unha árbore a que tirou o cartel; a COTOP arranxou a árbore caída, pero deixou o cartel se arranxar, e entonces como a Consellería non o fixo, fixémoslo nós.

“3.- Cando pensan arranxar o muro que tirou o coche en Foxos ?”

A continuación do planteamento desta cuestión, o sr. Real manifesta que xa viu que tamén se están arranxando, pero que cree que aínda que non o pagara seguro habería que arranxalo igual.

- SR. ALCALDE.- Sí, pero igual non cobrábamos. Todo leva o seu tempo, hai unha burocracia, modificación de crédito, contratación da execución dos traballos, leva o seu tempo...

“4.- Que foi do desfribilador que nos dixo en febrero do ano pasado que tiña concedida a Deputación para este Concello , e que eu sepa , aínda non hai ningún instalado a parte do do Centro Médico?”

- SR. ALCALDE.- A Deputación aínda non o trouxo. Adherímonos ao Convenio, pero aínda non o trouxeron.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pois hai que solicitarlle que o traian, que é unha cousa importante.

“5.- Poderíame explicar por qué sigue entrando auga , da maneira que entra , no Pavillón de deportes e sigue habendo goteiras , despois de haber perdido que se arranxen multitude de veces ?”

- SR. ALCALDE.- A auga entra porque hai árbores que caeron sobre os canalóns; hai que cortar as árbores culpables de que entre a auga. Haberá que requerirle á Consellería de Educación como dono do Pabellón.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Xa lle dixen que o día de Xoves Santo caía moita auga. Haberá que solicitalo as veces que sexa. Xa sei que non fai falta a nosa colaboración, pero si a necesitan, aquí a teñen.

Non se formulan máis preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e corenta minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,